

## RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, DO 14 DE NOVEMBRO DE 2018 POLA QUE SE CONVOCA A PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DO "CAMPUS CREA" DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Dentro da política de impulso e fomento da investigación e transferencia relacionada co motor estratéxico de especialización do Campus de Pontevedra como Campus Crea, convócase a primeira edición dos Premios de Investigación e transferencia, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus de Pontevedra - Campus Crea.

A investigación é un elemento esencial para a mellora da competitividade e sustentabilidade das sociedades actuais, que mediante a innovación permite traducir as oportunidades xeradas polos desenvolvementos científicos e tecnolóxicos en novos produtos e servizos, así como en posibilidades de traballo e benestar para a sociedade.

Por outra banda, a divulgación científica a través dun conxunto de actividades permite transferir o coñecemento científico e facelo accesible á sociedade, é dicir, a todas aquelas persoas interesadas en entender ou informarse sobre ese tipo de coñecemento. Resulta, por tanto, oportuna a convocatoria dun premio mediante o que se recoñeza o valor que o Campus Crea da Universidade de Vigo outorga ao esforzo do PDI e do alumnado no ámbito da investigación e a transferencia, contribuíndo desta forma a mellorar a calidade da súa docencia, e á proxección investigadora e social do Campus de Pontevedra. Neste senso, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra convoca a primeira edición dos Premios de Investigación e Transferencia "Campus Crea" da Universidade de Vigo, de conformidade cos seguintes:

### CRITERIOS

1. Conforme aos datos de produción científica e produción de transferencia elaborados pola Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra concede cinco premios aos grupos de investigación que lideran a investigación e a transferencia nos cinco ámbitos do Campus de Pontevedra. Para iso tivéronse en conta os puntos obtidos na produción científica e na produción de transferencia segundo o número de investigadores que forman parte de cada grupo de investigación.
2. Os grupos de investigación con maior valoración son os seguintes:  
Ámbito de Enxeñería Forestal: Ecoloxía Evolutiva.  
Ámbito de Ciencias Sociais e da Comunicación: Investigación en Comunicación para o Servizo Público.  
Ámbito de Ciencias da Educación e o Deporte: Healthyfit.  
Ámbito de Belas Artes: Psicoloxía xurídica.  
Ámbito da Fisioterapia: Fisioterapia.
3. Cada un destes grupos de investigación recibirá un premio de 2000€, que poderá gastar en recursos directamente relacionados coa investigación e a transferencia: tradución de manuscritos, compra de material funxible ou compra de material inventariable.

O feito de aceptar este Premio de Investigación e transferencia do Campus Crea, implica a aceptación dos criterios mencionados nos puntos anteriores.

Tendo en conta o anterior, e dentro do marco do **Campus Crea**, esta Vicerreitoría, RESOLVE:

1. Ordenar a publicación da presente resolución e os criterios que a regulan no Rexistro auxiliar do campus de Pontevedra da Uvigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800003152

CSV

GEISER-9c65-e79c-a3eb-4c18-a8f1-5e73-cdb2-9c3e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/11/2018 13:02:34 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-9c65-e79c-a3eb-4c18-a8f1-5e73-cdb2-9c3e

publicación, de conformidad co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, 14 de novembro de 2018  
O Reitor  
Por delegación RR de 21/06/2018 (Dog 28/06/2018)

O vicerreitor do campus de Pontevedra



Jorge Soto Carballo

Diligencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, con data 14 de novembro de 2018.

A/O FUNCIONARIA/O



ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800003152

CSV

GEISER-9c65-e79c-a3eb-4c18-a8f1-5e73-cdb2-9c3e

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/11/2018 13:02:34 Horario peninsular

Validez del documento

Original

